# GUÍA DIDÁCTICA

# Descubrindo as palabras II

*Materiais elaborados durante unha licencia de formación, convocada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia (Orde do 7 de xuño de 2016)*

CC BY SA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

María Albarellos
Julia González

## INTRODUCIÓN

Os materiais que presentamos están destinados á materia de **Lingua e Literatura Galega** dos cursos**, 5º e 6º de Educación Primaria,** pero tamén  poderán ser empregados como material interdisciplinar para traballar a comprensión lectora e a expresión escrita.

Partindo da  lectura dun texto deseñamos unha serie de actividades, usando a ferramenta de autor LIM, encamiñadas a coñecer os distintos tipos de palabras, o seu uso e a súa ortografía.

*María Albarellos*
*Julia González*

# OBXECTIVOS EDUCATIVOS

- ✓ Utilizar correctamente os aspectos normativos da lingua.
- ✓ Utilizar un léxico axeitado e potenciar o uso creativo da lingua.
- ✓ Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas ás diferentes situacións e intencións comunicativas.
- ✓ Afianzar o uso do dicionario para solucionar dúbidas de ortografía, semántica, morfoloxía.
- ✓ Recoñecer as categorías morfolóxicas: artigo, adverbio, preposicións, conxuncións, interrogativos, exclamativos, verbo.
- ✓ Mellorar a competencia dixital do alumnado.
- ✓ Utilizar a lectura como fonte de pracer, de información e de aprendizaxe e como medio de perfeccionamento e enriquecemento lingüístico persoal.
- ✓ Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais e lingüísticas de Galicia.

*María Albarellos*
*Julia González*

## CONTIDOS

- ✓ Desenvolvemento do hábito lector.
- ✓ Aplicación de estratexias para o recoñecemento das distintas categorías morfolóxicas.
- ✓ Uso do dicionario e dos libros de consulta.
- ✓ Utilización dirixida das TICs.
- ✓ Valoración e aprecio dos textos como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento, feito cultural e recurso de desfrute persoal.

*María Albarellos*
*Julia González*

## COMPETENCIAS BÁSICAS

Este material relaciónase coas seguintes competencias básicas:

- ✓ **Competencia en comunicación lingüística**: adquisición de destrezas para a comprensión da linguaxe.
- ✓ **Competencia para aprender a aprender**: perfeccionamento das estratexias para realizar lecturas e escritos comprensivos e reflexivos, utilizando axeitadamente o vocabulario.
- ✓ **Competencia cultural e artística**: coñecemento e valoración da diversidade cultural que pode atoparse nos distintos tipos de textos.
- ✓ **Competencia dixital**: emprego de ferramentas en soportes variados para mellorar as habilidades de obtención e transformación da información.
- ✓ **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**: desenvolvemento de actitudes e valores como autoconfianza, autonomía, interese, esforzo, motivación e determinación á hora de cumprir os obxectivos.

*María Albarellos*
*Julia González*

## METODOLOXÍA

***Descubrindo as palabras II,*** é un conxunto de actividades encamiñadas a conseguir un enriquecemento do léxico e un uso correcto da normativa

As actividades están organizadas en varios libros LIM, e completan o traballo ***Descubrindo as palabras.***

**Libro 1:** ***Artigo***

**Libro 2:** ***Adverbio***

**Libro 3:** ***Interrogativos e exclamativos***

**Libro 4:** ***Preposicións e conxuncións***

**Libro 5:** ***Verbo I***

**Libro 6:** ***Verbo II***

*María Albarellos*
*Julia González*

En cada libro, o alumno comezará coa lectura dun texto da literatura galega que destaca as palabras que se abordarán.

A continuación, combínanse páxinas que presentan a teoría con actividades diversas (arrastrar, clasificar, ordenar, identificar, relacionar textos, escoller entre varias opcións, completar, responder a preguntas…) que permitan ao alumnado conseguir os obxectivos propostos.

As distintas actividades seguen unha orde progresiva de dificultade.

## AVALIACIÓN

A actividade dispón dun sistema de autoavaliación continua.

*María Albarellos*
*Julia González*